

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 22 DE XUÑO DE 2017,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción dun itinerario peonil e ciclista na PO -325, Navia (p.q. 0+000 - 1 + 700), clave PO/16/056.06, no concello de Vigo.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se prorroga o mandato de Fernando Ignacio González Laxe como conselleiro nato do Consello Consultivo.
- Acordo polo que se autoriza a contratación, suxeita a regulación harmonizada, da concesión do servizo para a explotación do complexo de aloxamento e piscinas do parque Monte do Gozo, tramitado por procedemento aberto, con pluralidade de criterios, cun valor estimado de corenta e un millóns cento oitenta e un mil catrocentos vinte e cinco euros con trinta e sete céntimos (41.181.425,37 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo de Galicia e a Mancomunidade Terras do Avia para a realización de actividades de promoción e información turística no xeodestino O Ribeiro 2017-2018, por importe total de noventa e seis mil euros (96.000,00 €).

## **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza de conformidade co disposto no artigo 7.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a concesión de subvencións por importe superior a tres millóns de euros (3.000.000 €) a beneficiarios das axudas convocadas para o programa Industrias do futuro 4.0 orientado a proxectos de investigación industrial e desenvolvemento experimental estratéxicos centrados en tecnoloxías industriais innovadoras, pola resolución do 29 de xuño de 2016 da Axencia Galega de Innovación.

## **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), para a realización do proxecto En-Red-Arte II, por un importe total de vinte mil euros (20.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Minho (Portugal), para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de corenta e dous mil seiscentos cincuenta euros con oitenta e oito céntimos (42.650,88 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de cooperación entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Organización Nacional de Cegos Españois (ONCE), para o establecemento de medidas encamiñadas á atención das persoas con discapacidade visual, por un importe de douscentos dez mil cento trinta e nove euros con vinte e oito céntimos (210.139,28€).

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza o décimo primeiro acordo de prórroga ao concerto asinado o 18 de decembro de 2001, entre a Universidade da Coruña e o Servizo Galego de Saúde para utilizar as institucións sanitarias na investigación e na docencia universitarias no período que vai desde o 1/07/2017 ao 30/06/2018, por un importe de oitocentos corenta e catro mil setecentos dezanove euros con corenta e dous céntimos (844.719,42 €).



- Acordo polo que se autoriza o décimo segundo acordo de prórroga ao concerto asinado o 20 de abril de 2001, entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Servizo Galego de Saúde para utilizar as institucións sanitarias na investigación e na docencia universitarias no período que vai do 1/07/2017 ao 30/06/2018, por un importe de tres millóns setecentos setenta mil cincocentos vinte e catro euros con cincuenta e oito céntimos (3.770.524,58€).
- Acordo polo que se autoriza o décimo primeiro acordo de prórroga ao concerto asinado o 18 de outubro de 2001 entre a Universidade de Vigo e o Servizo Galego de Saúde para utilizar as institucións sanitarias na investigación e na docencia universitarias no período que vai desde o 1/07/2017 ao 30/06/2018, por un importe de sesenta e tres mil novecentos trinta euros con cincuenta céntimos (63.930,50 €)
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Sanidade para adquirir compromisos de gastos de carácter plurianual de conformidade co disposto no artigo 58 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Orde pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o cofinanciamento de proxectos de prevención e condutas adictivas promovidas por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria, por un importe dun millón catrocentos setenta e cinco mil seiscentos corenta e dous euros (1.475.642,00€).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Sanidade para adquirir compromisos de gastos de carácter plurianual de conformidade co disposto no artigo 58 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Orde pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o cofinanciamento de proxectos de prevención e condutas adictivas promovidas por entidades privadas sen ánimo de lucro que desenvolven o seu labor no eido da prevención na Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria, por un importe dun millón cento cincuenta e seis mil euros (1.156.000,00 €).

## CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se aproba o texto do Proxecto de Decreto polo que se regula o Observatorio Galego de Acción Voluntaria, a planificación e a formación en desenvolvemento da Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

## INFORMES

## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a orde de axudas destinadas a incentivar o emprego autónomo e a contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, convocatoria 2017.
- Informe sobre o balance da visita institucional a China.

## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA A EXECUCIÓN DUNHA SENDA PEONIL E CICLISTA NA ESTRADA PO-325, EN NAVIA, NO CONCELLO DE VIGO

- *A senda executarase nunha marxe da estrada, no tramo comprendido entre o p.q. 0, en que conectará coas beirarrúas existentes na glorieta de intersección coa circunvalación de Vigo VG-20, e o p.q. 1+700, na intersección coa estrada a Samil*
- *No tramo inicial, de aproximadamente 340 metros, a senda construírse pola marxe esquerda da PO-325, comunicando a beirarrúa da glorieta da VG-20 coa existente á altura da urbanización de Navia*
- *O itinerario continúa pola marxe dereita da estrada, desde a glorieta existente coa rúa das Ufas ata o remate da actuación, e no tramo final conectará coas beirarrúas na estrada a Samil e co paseo do río Lagares*
- *Esta actuación está enmarcada no Plan de sendas de Galicia, que para a comarca de Vigo recolle 11 treitos e un orzamento que se achega aos 5 millóns de euros*

O Consello da Xunta aproba hoxe o Proxecto de decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola construción do itinerario peonil e ciclista na PO-325, en Navia, no Concello de Vigo.

O decreto de utilidade pública comprende a expropiación dunha leira necesaria para a execución desta senda. A súa base técnica é o proxecto de construción redactado pola Xunta, que conta cun orzamento base de licitación próximo a 300.000 euros.

A senda executarase nunha marxe da estrada, no tramo comprendido entre o p.q. 0, no cal conectará coas beirarrúas existentes na glorieta de intersección coa circunvalación de Vigo VG-20, e o p.q. 1+700, na intersección coa estrada a Samil.

Este tramo da PO-325 sitúase no concello de Vigo e é coñecido como avenida Ricardo Mella. O treito conta con beirarrúa en pequenos tramos, que se aproveitará, polo que a lonxitude aproximada de senda que se vai construír é de 1.470 metros.

No tramo inicial, de aproximadamente 340 metros, a senda construírse pola marxe esquerda da PO-325, comunicando a beirarrúa da glorieta da VG-20 coa existente á altura da urbanización de Navia.

O itinerario continúa pola marxe dereita da estrada, ao carón do muro de contención da VG-20, desde a glorieta existente coa rúa das Ufas ata o final da actuación. No tramo final conectará coas beirarrúas existentes na estrada a Samil e co paseo do río Lagares.

A sección tipo consta dunha senda cun mínimo de 1,8 m de largo, de formigón coloreado e separada da calzada por un bordo e cuneta nos treitos que é precisa.

### **Plan de sendas en Vigo**

Esta actuación está enmarcada no Plan de sendas de Galicia, concretamente na comarca de Vigo, o cal se proxectan 11 treitos, que foron definidos en nove proxectos de construción. A Axencia Galega de Infraestruturas executará 12,5 quilómetros de novas sendas nesta bisbarra, cun orzamento que se achega aos 5 millóns de euros, para o cal conta co financiamento asegurado ao terse incluído no programa operativo de Galicia dos fondos europeos Feder para o período 2014-2020.

A Axencia Galega de Infraestruturas licitou o pasado mes de marzo o contrato para execución doutra senda na PO-325, dende a intersección da avenida Praia América coa rúa Francisca Lago, ata a intersección coa rúa Foz, punto en que comeza o paseo litoral existente ata Baiona.

No paseo marítimo existente na PO-552, na travesía de Baiona, diferenciaranse os espazos destinados a peóns e ciclistas na zona próxima ao Parador. O contrato de obras xa está adxudicado, e está previsto iniciar os traballos no mes de setembro para non causar molestias ao importante número de usuarios do paseo nos meses de verán.

Na mesma estrada PO-552, prevese tamén complementar o itinerario peonil e ciclista de Baiona na zona de Santa Marta; o proxecto xa está redactado e complementa outro redactado por Costas. O contrato de obras licitarase neste ano, unha vez sexa licitada a actuación do Goberno estatal, prevista en datas próximas.

Tamén na PO-552, a Axencia Galega de Infraestruturas ten previsto licitar nos próximos días o contrato para execución de tres tramos de senda; os dous primeiros, á saída de Coruxo e en San Miguel de Oia, situados no Concello de Vigo, e o terceiro entre Priegue e As Rexas, no termo municipal de Nigrán.


A Consellería de Infraestruturas adxudicou tamén xa o contrato para a construción dun itinerario peonil e ciclista na PO-331, dende O Porriño ata o paso superior existente sobre a AP-9 nas proximidades de Atín, no concello de Mos.

A Axencia Galega de Infraestruturas licitou o pasado mes de marzo os contratos para execución da senda entre Amoedo e Pazos de Borbén, na PO-250.

O proxecto da senda para peóns e ciclistas na PO-340, entre Gondomar e A Ramallosa, foi sometido a información pública en novembro de 2016. Nestes momentos estase a ultimar a supervisión do proxecto, para a súa próxima aprobación e



licitación das obras neste verán. Por último, está actualmente en fase de información pública o proxecto dunha senda na PO-411 en Parderrubias, no Concello de Salceda de Caselas.



## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA A PRÓRROGA DO NOMEAMENTO DE GONZÁLEZ LAXE COMO MEMBRO DO CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA**

Na reunión do Consello da Xunta de hoxe aprobouse o decreto polo que se prorroga o nomeamento do ex- presidente da Xunta, Fernando González Laxe, como membro do Consello Consultivo de Galicia.

Unha renovación que será por un período de dous anos máis -de acordo co máximo permitido pola lexislación actual a este respecto- e que se fai por petición do presidente do Consello Consultivo, José Luis Costa Pillado.

González Laxe, nado na Coruña en 1952, é doutor en Ciencias Económicas e Empresariais, título que lle permitiu exercer como profesor de Estrutura Económica. Ao longo da súa carreira política desempeñou diferentes cargos como tenente de alcalde do Concello da Coruña, senador ou director xeral de Ordenación Pesqueira do Ministerio de Agricultura. Pero sen dúbida o seu papel máis destacado foi o de presidente da Xunta desde 1987 ata 1990 cando presidiu o primeiro Goberno de coalición de España.



## **A XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A EXPLOTACIÓN DO COMPLEXO DE ALOXAMENTO E PISCINAS DO PARQUE MONTE DO GOZO**

- *A concesión, por un período de dez anos, inclúe a xestión do complexo de aloxamento composto polos pavillóns, un centro de recepción, restaurante, cafetería, locais para tendas, piscinas, zonas de circulación e estacionamento*
- *O Plan de actuación do parque Monte do Gozo desenvolveu importantes melloras neste espazo simbólico do Camiño de Santiago, porta de entrada a Compostela, cuxos cidadáns se beneficiarán dun renovado espazo verde*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación da concesión do servizo para a explotación do complexo de aloxamento e piscinas do parque Monte do Gozo. Trátase dun paso previsto no Plan de actuación do parque Monte do Gozo, o proxecto de recuperación integral grazas ao cal se desenvolveron importantes melloras neste espazo simbólico do Camiño de Santiago na entrada da capital galega. A súa reforma adáptao ás necesidades actuais dos peregrinos e convérteo nun lugar aberto a todos os galegos, pois a súas máis de 50 hectáreas de terreo convérteno no parque de maior dimensión de Compostela.

O expediente de contratación para a xestión do complexo de aloxamento e das piscinas do parque Monte do Gozo inclúe o complexo de aloxamento composto de 18 pavillóns, un centro de recepción, dous módulos de restaurante e cafetería. Tamén prevé zonas de circulación para peóns e vehículos, zonas de estacionamento, espazos verdes, a praza central e sete locais destinados para tendas, ademais das piscinas na zona da lagoa. O ámbito de actuación correspóndese cunha superficie total de máis de 63.000 m<sup>2</sup>.

O prazo da concesión será de dez anos desde a formalización do contrato, coa posibilidade de ser prorrogado por cinco anos máis, previo acordo expreso do órgano de contratación. A empresa concesionaria sufragará gastos como as obras de melloras nas edificacións e urbanización do complexo de aloxamento, o equipamento necesario, persoal, subministracións, mantemento, vixilancia, limpeza e outros gastos derivados das campañas de promoción.

A contratación do servizo para a explotación do complexo de aloxamento e piscinas afonda no proceso plasmado no Plan de actuación do parque Monte do Gozo, que é unha das actuacións incluídas no Plan director do Camiño de Santiago, no cal desde hai dous anos se veñen desenvolvendo importantes melloras na ruta xacobeá coa vista posta no Xacobeo 2021.

A revitalización do parque Monte do Gozo reforza a condición de Santiago de Compostela como meta de peregrinación, afondando na liña seguida coa construción

doutras destacadas infraestruturas como o Centro Internacional de Acolida ao Peregrino ou a adecuación dos últimos tramos dos diferentes itinerarios da ruta xacobeá na súa entrada na cidade.

Neste contexto realizáronse, por exemplo, destacables obras de mellora e acondicionamento na contorna da capela de San Marcos, cuxa rexeneración devolve ao peregrino a visión das torres da Catedral de Santiago grazas a unha elevación que lembra os tradicionais milladoiros. A naturalización dos camiños existentes, o arroupamento do monumento Juan Pablo II con carballos trasplantados ou a apertura de novos camiños cunhas pendentes máis accesibles e uns anchos máis acordes co uso peonil son outras das melloras levadas a cabo xunto á creación de muros de pedra e zonas de estadía para descanso ou lecer.

Así mesmo, a contorna da estatua dos peregrinos de Acuña converteuse nun parque inglés, no cal se modificou o acceso, recuperándose a escala peonil e ampliando a visión da cidade e a catedral. Esta zona do parque dispón agora dun sendeiro en forma de anel practicamente sen pendente que o fai moi atractivo para practicar deporte, así como bancos de pedra que permitirán deterse e observar a paisaxe.

O prestixioso paisaxista João Nunes implicouse nesta ambiciosa reforma desenvolvida por Turismo de Galicia, na cal tamén destacan as intervencións da orla central cunha zona de estadía con bancos, bancos-cama, mesas para picnic, espazos de auga e sombras de árbores froiteiras onde os peregrinos e os cidadáns poderán descansar. As obras permitiron tamén consolidar o itinerario do Camiño de Santiago a través do parque Monte de Gozo, así como a construción dunha piscina na zona da lagoa e melloras nos accesos.

## O XEODESTINO DO RIBEIRO REFORZARÁ A SÚA PROMOCIÓN NACIONAL E INTERNACIONAL COMO DESTINO ENOTURÍSTICO E TERMAL

- *O Consello da Xunta acaba de autorizar a subscripción dun convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e a Mancomunidade Terras do Avia para actividades de promoción e información turística*
- *Este convenio enmárcase no impulso de Turismo de Galicia aos xeodestinos galegos como catalizadores do desenvolvemento turístico*
- *Turismo de Galicia achegará 80.000 euros para accións que inclúen, entre outras, a creación de experiencias termais biosaudables que incorporarán o enoturismo como elemento de valor engadido*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e a Mancomunidade de Terras do Avia para realizar actividades de promoción e información turística do xeodestino do Ribeiro durante os anos 2017 e 2018, un convenio que suporá un reforzo da promoción nacional e internacional deste xeodestino como destino enoturístico e termal.

En virtude deste acordo, Turismo de Galicia financiará as actuacións obxecto do convenio por un importe de 80.000 euros e incluírá o deseño dun plan de acción para os anos 2017 e 2018 que comprende, entre outras actividades, a edición de mapas de rutas culturais, con planos do territorio do xeodestino e deseño e negociación de produtos como o bus do viño do Ribeiro.

Tamén inclúe a creación e distribución de paquetes termais biosaudables que inclúa estadias e escapadas termais do destino que incorporarán o enoturismo como elemento de valor engadido, así como a promoción en liña e presenza en feiras nacionais e internacionais deste xeodestino.

Este convenio enmárcase no traballo de Turismo de Galicia pola promoción dos xeodestinos galegos, que naceron hai un lustro co obxectivo de dinamizar o territorio que comprenden.

Alíñase, ademais, cun dos obxectivos da Estratexia do turismo de Galicia 2020, a folla de ruta do turismo galego para os vindeiros catro anos, que inclúe o impulso da ordenación territorial turística de Galicia a través dos xeodestinos como catalizadores do desenvolvemento turístico.

### **Potencial termal e enoturístico**

O xeodestino O Ribeiro está integrado polos concellos de Arnoia, Amoeiro, Avión, Beade, Beariz, Boborás, Carballeda de Avia, Castrelo de Miño, Cenlle, Cortegada, Leiro,

Maside, Melón, O Carballiño, O Irixo, Piñor, Pontedeva, Punxín, Ribadavia, San Amaro e San Cristovo de Cea.

Trátase dun xeodestino situado no corazón da provincia de Ourense e conta cun amplo potencial vinícola. De feito, a D.O Ribeiro é a máis antiga de Galicia e unha das primeiras recoñecidas en España. Tamén é terra de balnearios e augas termais como Arnoia, Lias, Cortegada, Berán o Prexigueiro.

## PSA, EN COLABORACIÓN CO CTAG, E TELEVÉS INVESTIRÁN CO APOIO DA XUNTA, PRETO DE 170 M € EN PROXECTOS INDUSTRIAIS PARA AVANZAR CARA Á FÁBRICA INTELIXENTE

- *O Programa de captación de investimentos 4.0 da Consellería de Economía, Emprego e Industria impulsa con preto de 56 millóns de euros estas dúas iniciativas que contribuirán á modernización do modelo produtivo en Galicia*
- *PSA Peugeot Citroën poñerá en marcha xunto co CTAG unha planta piloto de factoría 4.0 que permitirá a Vigo ser a referencia mundial do grupo neste eido*
- *Televés avanzará na mellora dos seus procesos a través de novas tecnoloxías como a realidade aumentada e a robótica colaborativa, o que lle permitirá chegar a novos mercados*
- *Estas actuacións en Industria 4.0 contribuirán a situar Galicia na vangarda competitiva internacional a través da aposta pola I+D+i e a creación de emprego de alta cualificación*

PSA Peugeot Citroën, en colaboración co Centro Tecnolóxico da Automoción de Galicia (CTAG), e a corporación Televés investirán un total de 168 millóns de euros en dous proxectos industriais que se desenvolverán en Galicia e que permitirán avanzar cara á fábrica intelixente. A través do Programa de captación de investimentos 4.0, a Consellería de Economía, Emprego e Industria impulsa con preto de 56 millóns de euros estas dúas iniciativas que contribuirán á modernización do modelo produtivo en Galicia e a situar a Comunidade na vangarda competitiva internacional mediante a aposta pola I + D + i na industria.

Os proxectos, seleccionados logo dun proceso de consulta ao mercado e unha convocatoria pública en concorrencia competitiva, permiten atraer investimentos a Galicia e avanzar nun novo modelo industrial baseado na innovación, fixar tecido industrial e crear postos de traballo de calidade, coa creación ou mantemento de 600 empregos, e incrementar a competitividade das industrias con máis peso na economía galega. Ademais da fase de desenvolvemento tecnolóxico, a industrialización dos proxectos aprobados realizarase en Galicia, polo que se trata dunha iniciativa pioneira xa que por primeira vez o financiamento se centra nun proceso de I + D empresarial.

Por unha banda, a iniciativa *F4.0 DE AUTOMOCIÓN* impulsada por PSA, en colaboración co Centro Tecnolóxico da Automoción de Galicia (CTAG), suporá un investimento de máis de 145 millóns de euros, contando cunha axuda pública de preto de 50 millóns que deberá agora ser aprobada pola Comisión Europea. En concreto, PSA investirá 124,8 millóns de euros, dos que 36,7 se corresponden con axudas públicas; mentres que o CTAG contará con 20,3 millóns, dos que 13,2 serán a través de fondos públicos.



O proxecto, que permitirá o mantemento de 400 empregos e a creación de 80 novos, ten por obxectivo concibir, deseñar, construír e validar unha planta piloto de factoría 4.0, que permitirá a Vigo ser a referencia mundial do grupo neste eido tendo en conta o concepto de fábrica estendida. Así, este proxecto abranguerá toda a cadea de valor, incluíndo os provedores de compoñentes e subministracións, a distribución de vehículos rematados e incluso puntos de venda e usuarios finais.

Tamén se buscará o desenvolvemento de compoñentes novos que poidan cubrir as novas expectativas dos clientes, respectando as máis altas exixencias ambientais e incorporando estas novas tecnoloxías a vehículos a un custo competitivo. Ademais, validaranse os novos procesos e produtos desenvolvidos mediante a construción e o ensaio de distintos prototipos de vehículos e das instalacións que se integren na planta piloto.

Por outra banda, o proxecto *CORP4FUTURE* presentado pola corporación Televés suporá un investimento de 23 millóns de euros, dos cales 5,7 serán achegados pola Xunta. Con esta iniciativa a compañía busca a mellora dos seus procesos produtivos a través do uso de novas tecnoloxías como realidade aumentada, robótica colaborativa e novos métodos de fabricación de placas impresas, entre outros; e o deseño e desenvolvemento de novas funcionalidades e novas tecnoloxías.

Entre os obxectivos do proxecto está a apertura de novos mercados a partir da mellora da produtividade e do desenvolvemento de novas liñas: a mellora dos sistemas de información e da comunicación entre a corporación e os seus clientes de xeito que se poida ofrecer un produto máis personalizado e flexible de acordo cos paradigmas da Industria 4.0, e o desenvolvemento dun prototipo global que sirva como demostrador das novas capacidades adquiridas.

As solucións propostas neste proxecto, que competen a toda a cadea de valor, desde a transmisión, recepción, distribución e equipamento da medida, van dirixidas ao mercado global coas particularidades presentes nas diversas áreas xeográficas ou de influencia. Con esta iniciativa, a previsión é que Televés fixe a creación ou mantemento de 120 empregos.

O Programa de captación de investimentos 4.0 da Axencia Galega de Innovación (GAIN) enmárcase na Estratexia de especialización intelixente de Galicia (RIS3), que ten entre os seus retos conseguir un novo modelo industrial sustentado na competitividade e no coñecemento e aumentar a intensidade tecnolóxica da estrutura industrial de Galicia.

Vai tamén na liña das grandes follas de ruta da economía galega como a Axenda da industria 4.0 e permite avanzar no Plan de captación de investimentos en Galicia, que busca facilitar a chegada de novas empresas e capital e o mantemento das empresas punteiras na Comunidade, neste caso en sectores estratéxicos como son a automoción e as tecnoloxías da información e a comunicación (TIC).

## EDUCACIÓN E COGAMI RENOVAN O PROXECTO EN-RED-ARTE CO OBXECTIVO DE MELLORAR O ACCESO Á CULTURA DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

- *Uns 200 usuarios terán acceso a obradoiros de artes plásticas, de fotografía artística, de escritura creativa, de teatro, de música tradicional e popular, e de danza contemporánea*
- *Con esta iniciativa búscase romper conceptos autolimitantes da actividade cultural e estimular a capacidade de superación persoal*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) renovarán o proxecto En-Red-Arte, unha iniciativa que naceu en 2015 e que ten como principal finalidade mellorar o acceso á cultura por parte das persoas con discapacidade. Neste sentido, o Consello da Xunta autorizou hoxe o acordo de colaboración da Consellería coa mencionada entidade, segundo o cal o departamento de Cultura do Goberno galego achega unha contía de 20.000 euros ao mencionado proxecto.

O proxecto En-Red-Arte está deseñado co fin de proporcionar ás persoas con discapacidade a posibilidade de vivir experiencias culturais que teñan unha incidencia positiva na súa aprendizaxe e que lles permita desenvolver a súa curiosidade, a formación do gusto e o seu sentido estético e crítico. Ao mesmo tempo, preténdese incentivar entre este colectivo o hábito de frecuentar actividades e eventos culturais, romper conceptos autolimitantes da actividade cultural e estimular a capacidade de superación persoal, entre outras.

Para lograr estes obxectivos levaranse a cabo distintos obradoiros de artes plásticas, de fotografía artística, de escritura creativa, de teatro, de música tradicional e popular, e de danza contemporánea. Todos eles están pensados para que os participantes –un total de 200 beneficiarios previstos– acaden unha base de coñecementos na materia concreta e, a partir de aí, fomentar o seu espírito creativo e artístico en cada unha das materias que se tratan, tendo en conta os gustos persoais de cada quen.

As actividades terán lugar nos centros de recursos de persoas con discapacidade e asociacións de membros da entidade, así como tamén nos espazos formativos que Cogami emprega habitualmente.

### **Integración social a través da cultura**

Para o desenvolvemento cultural comunitario e persoal da cidadanía galega, as políticas de integración, tanto nos públicos como na propia creación artística, son fundamentais para conseguir unha transformación progresiva a favor da heteroxeneidade e do enriquecemento do conxunto.

Con este fin, a Consellería –a través da Secretaría Xeral de Cultura– vén colaborando con diversas iniciativas, como o festival artístico Igual Arte da Fundación Igual Arte, que ofrece unha mostra da creatividade de compañías de arte integradas por persoas con discapacidade; ou o encontro Artes pola Integración, que pon nas mans de grupos dalgunha forma excluídos da participación social unha serie de oportunidades, plataformas, iniciativas e ferramentas para facilitar a súa comunicación co resto da comunidade, ao tempo que dá a coñecer a capacidade expresiva deses grupos socialmente excluídos por razóns legais, sociais ou médicas.

## **EDUCACIÓN COLABORA COA UNIVERSIDADE DO MINHO NA DOCENCIA, INVESTIGACIÓN E PROMOCIÓN DO GALEGO**

- ***A Consellería destina 42.600 euros ao ensino do idioma e a cultura galega e á contratación dun lector de galego***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria colaborará coa Universidade do Minho (Portugal) para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, da literatura e da cultura galegas, e dar así continuidade a un acordo que ambas as institucións manteñen desde o ano 1997.

O Consello da Xunta deu o visto e praxe a un convenio de colaboración entre a Administración educativa galega e o organismo universitario luso por un importe de 42.650,88 euros co fin de desenvolver unha serie de accións, incluído o lectorado de galego nesta universidade.

Ao abeiro do dito convenio, a Universidade do Minho comprométese a dar continuidade ao ensino da lingua, da literatura e da cultura galegas nos seus plans de estudo e a organizar actividades relacionadas coa investigación, a promoción e a difusión da lingua e da literatura galegas no ámbito universitario e na súa área de influencia. Deste xeito, a universidade lusa ofertará as materias de Curso Livre de Galego I e II (de 3 créditos cada unha delas), ambas con carácter extracurricular e cunha carga lectiva de 84 horas; a materia Literatura e Cultura Galegas (5 créditos), cunha carga lectiva de 45 horas e con carácter opcional para as licenciaturas de Estudos Portugueses e Lusófonos e Línguas e Literaturas Europeas; e Língua e Cultura da Galiza (5 créditos), de 30 horas e opcional para múltiples licenciaturas desta universidade.

Así mesmo, inclúese a contratación –a través da Secretaría Xeral de Cultura- dun lector de lingua, literatura e cultura galegas, como complemento práctico ao seu programa de formación. O acordo inclúe tamén a adquisición do material bibliográfico, fonográfico, videográfico, informático e a infraestrutura necesaria para levar a cabo as accións de promoción sinaladas.

### **Antecedentes**

Os centros de estudos galegos nacen a través de convenios de colaboración subscritos con universidades interesadas en incluír nos seus plans de estudo a lingua, a literatura e a cultura galegas. Trátase de órganos de referencia destas institucións educativas a través dos cales se canalizan as actividades promotoras da nosa lingua, non só neste ámbito académico, senón tamén na súa área de influencia.



Por tanto, a posibilidade de estudar a lingua e a cultura de Galicia en universidades do exterior é unha realidade consolidada que leva contribuído de maneira fundamental á difusión internacional do galego, á investigación lingüística desde perspectivas moi diversas e tamén ao prestixio da lingua entre os seus propios falantes.

Na actualidade, o galego é obxecto de estudo en 35 universidades. 27 delas contan con lectores -licenciados/as en Filoloxía Galega-, asentados en departamentos coñecidos como Centro de Estudos Galegos, que imparten materias de lingua galega adaptadas ás necesidades do alumnado de cada universidade (gramática histórica, cursos de conversa, cursos de lingua e civilización etc.). Alén disto, numerosas actividades relacionadas coa lingua galega e, en xeral, co patrimonio de Galicia complementan os programas formativos.

## **CULTURA E EDUCACIÓN RENOVA A SÚA COLABORACIÓN COA ONCE PARA A ATENCIÓN ESPECIALIZADA A MÁIS DE 350 ALUMNOS CON DISCAPACIDADE VISUAL**

- *A consellería destinará a esta medida de atención á diversidade máis de 210.000 euros durante este ano e o vindeiro*
- *O obxectivo último é promover un ensino de calidade e axustado ás necesidades de cada alumno*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria renovará a súa colaboración coa Organización Nacional de Cegos Españóis (ONCE) para prestar atención especializada a 352 alumnas e alumnos con discapacidade visual en centros educativos de toda Galicia. Para iso, o Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á sinatura da addenda ao convenio asinado por ambas as entidades en 2013 que fai posible que seis profesores do corpo de mestres desenvolvan as súas tarefas profesionais nos equipos específicos da ONCE, prestando apoio ao alumnado cego ou con discapacidade visual, tanto en educación primaria, 1º e 2º da ESO, como en centros e unidades de educación especial. A Consellería destina a este convenio un total de 210.139,28 euros.

Ao abeiro deste acordo facilítase o acceso do alumnado con discapacidade visual escolarizado en centros ordinarios aos recursos tecnolóxicos e a transcripción e gravación EN braille dos libros de texto e dos materiais curriculares. Deste xeito, favorécese a súa inclusión educativa, á par que unha atención especializada e axeitada ás súas necesidades.

En concreto, o convenio permite establecer un marco de colaboración para a atención educativa do alumnado con cegueira ou deficiencia visual grave, así como das súas familias e dos centros educativos A que asistan; promover a coordinación dos servizos educativos e dos complementarios, organizando e facendo rendibles os recursos das diferentes institucións; e facilitar a conformación de equipos específicos para a atención educativa a este alumnado.

Neste sentido, o obxectivo do convenio é a unión de forzas para dar cumprimento ao compromiso fixado pola consellería a partir da publicación do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. Neste caso xúntanse os recursos materiais da ONCE ao capital humano do profesorado que cede a Consellería neste acordo.

Con este mesmo fin, o departamento educativo da Xunta de Galicia vén colaborando, en materia de transporte escolar adaptado e comedor, con entidades como Autismo

Ourense, Aspanaes, Amencer-Aspace, Aspronaga, Fundación MENELA, Asociación Nuestra Señora de Chamorro, Amicos, ACEESCA, Grumico, ASCM FERROL, BATA.

## O SERGAS DESTINA PRETO DE 4,6 MILLÓNS DE EUROS ÁS TRES UNIVERSIDADES PÚBLICAS GALEGAS

- *A colaboración permite a utilización das institucións sanitarias para a investigación e a docencia universitaria*
- *A través de cadanseus acordos poténciase a investigación das ciencias da saúde, ao coordinarse as actividades das universidades coas da Administración sanitaria*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a prórroga dos concertos subscritos entre o Servizo Galego de Saúde e as universidades de Santiago, A Coruña e Vigo (asinados no 2001) por un importe de 4.679.174,5 euros para colaborar nos eidos docente, asistencial e de investigación.

Esta colaboración entre as tres universidades galegas e o Servizo Galego de Saúde permite a utilización das institucións sanitarias para a investigación e docencia universitaria.

Entre os seus obxectivos están formar os alumnos de ciencias da saúde para conseguir os mellores profesionais do futuro; manter a cualificación dos profesionais ao seu máis alto nivel; e traballar para que as ensinanzas universitarias relacionadas coas ciencias da saúde poidan ser utilizadas para a mellora constante da atención sanitaria.

Ademais, a través destes acordos poténciase a investigación das ciencias da saúde, ao coordinarse as actividades das universidades coas das institucións sanitarias.

Esta achega reflicte o compromiso da Consellería e o Servizo Galego da Saúde cos seus profesionais para que compartan a actividade asistencial coa docente e investigadora, ao poñer á disposición do sistema universitario galego todos os seus recursos para a formación dos alumnos en ciencias da saúde.

O concerto prorrógase por un período dun ano, dende o 1 de xullo de 2017 ata o 30 de xuño de 2018.

## **SANIDADE DESTINA CASE 2,7 MILLÓNS DE EUROS PARA PROGRAMAS DE PREVENCIÓN DE DROGAS REALIZADOS POR CONCELLOS E ENTIDADES PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO**

- *Fináncianse actividades que permitan evitar ou reducir o impacto do consumo de substancias psicoactivas nos colectivos en que se intervén, promocionar estilos de vida saudables e potenciar a función dos axentes de saúde*
- *As convocatorias son de carácter bienal, o que permite maior eficacia ao ser actividades sostidas no tempo; así mesmo, promoven a xestión compartida de recursos e actividades*

O Goberno galego autorizou hoxe a convocatoria 2017-2019 de subvencións para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidas por concellos e por entidades privadas sen ánimo de lucro. A contía das subvencións concedidas por Sanidade para os concellos ascende a 1.475.642 euros, e 1.156.000 euros para as entidades.

Na anterior edición desta convocatoria beneficiáronse das axudas un total de 19 concellos e cinco mancomunidades, e 13 entidades sen ánimo de lucro.

As actividades desenvolvidas no marco destas subvencións permitirán potenciar nos colectivos en que se intervén factores de protección e redución de impacto de factores de risco asociados ao consumo de substancias psicoactivas; promoción de estilos de vida saudables; potenciar que os colectivos implicados na prevención tanto das familias como outros colectivos (docentes, asociacións etc...) funcionen como axentes de saúde; e reducir a incidencia de problemas sociosanitarios relacionados co uso e/ou abuso de substancias psicoactivas.

Entre as novidades destaca a actualización dos programas preventivos (elimínanse os obsoletos e simplifícase a súa clasificación entre básicos e complementarios); introdúcese a poboación escolar da área xeográfica na que se desenvolverán os proxectos como un novo criterio de valoración (favorecendo que sexan os mozos e as súas familias os destinatarios das actividades preventivas); increméntase a porcentaxe máxima de subcontratación de actividades ata o 75% da contía total concedida (actualmente era do 50%) e faise co obxectivo de que se programen actividades nos concellos con menos recursos); e modifícase a xestión dos pagamentos (aclarando os gastos que serán subvencionables e as condicións que rexerán a xustificación e pagamento das contías).

Esta actuación enmárcase dentro do conxunto de actividades que se desenvolven no marco do Plan galego de trastornos adictivos. Para a Consellería de Sanidade o consumo de substancias psicoactivas e as adiccións constitúen un problema



sociosanitario de primeira magnitude en Galicia, polo que o plan recolle tanto actuacións preventivas como de redución de riscos e diminución de danos; así como medidas lexislativas e de vixilancia da normativa vixente en materia de condutas adictivas.

### **Convocatoria**

Esta convocatoria queda pendente da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, momento a partir do que se iniciará o prazo de presentación de solicitudes que será dun mes.

A convocatoria é de carácter bienal, o que permitirá o desenvolvemento das actividades sostidas no tempo e, polo tanto, de maior eficacia. As bases, en réxime de concorrencia competitiva, especifican o proceso de solicitude para a concesión das axudas, e inclúen listado de criterios de valoración dos proxectos presentados por parte de concellos e entidades para elixir os de mellor calidade técnica, así como fomentar o asociacionismo entre entidades locais e a xestión compartida de recursos. Tamén especifican o período de realización das actividades mencionadas.

### **Importancia da prevención**

Estas actuacións seguen as prioridades marcadas pola Estratexia nacional sobre drogas e pola Estratexia da Unión Europea en materia de loita contra a droga.

Así, unha das liñas de actuación prioritarias para reducir o uso de substancias psicoactivas e mellorar a eficacia dos programas de prevención e fomentar a sensibilización da poboación respecto do risco de consumir estas substancias legais e ilegais, e das súas consecuencias.

Outra liña prioritaria consiste en implantar medidas de redución da demanda diferenciadas e axustadas ás necesidades específicas de grupos de poboación, patróns ou modalidades de consumo, con especial atención aos máis vulnerables e marxinados.

A terceira gran liña de actuación é fomentar a participación e implicación da sociedade civil na loita contra este problema de saúde pública.

## **O CONSELLO DA XUNTA DÁ LUZ VERDE Á POSTA EN MARCHA DO OBSERVATORIO GALEGO DE ACCIÓN VOLUNTARIA**

- ***Actuará como órgano colexiado de participación, investigación e asesoramento nas políticas de voluntariado e estará operativo no segundo semestre do ano***

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o texto do proxecto de decreto que regulará a creación do Observatorio Galego de Acción Voluntaria, un órgano colexiado de participación, investigación e asesoramento en materia de voluntariado que estará operativo no segundo semestre do ano, logo de que se someta ao ditame do Consello Consultivo de Galicia e sexa novamente ratificado en Consello.

O Observatorio Galego de Acción Voluntaria nace ao abeiro da Lei 10/2011, dO 28 de novembro, de acción voluntaria. Concretamente do seu artigo 38, que establece a obrigatoriedade da súa posta en marcha co obxectivo de contribuír á participación de todas as entidades e das persoas voluntarias na planificación, na xestión e no seguimento da acción voluntaria, así como a súa participación nas actividades de estudo, análise asesoramento e proposta para a promoción, impulso, coordinación e avaliación das actividades de acción voluntaria.

O observatorio adscríbese á Consellería de Política Social e contará cun presidente/a, cun vicepresidente/a, cun secretario/a e 6 vogais: un en representación do Instituto Galego de Estatística; un representante por cada unha das tres universidades galegas e dous representantes das entidades de acción voluntaria designados polo Consello Galego de Acción Voluntaria.

No que respecta ás súas funcións están a de investigar a realidade da acción voluntaria en Galicia; elaborar informes e recompilar información sobre aspectos da súa competencia, en particular unha guía de boas prácticas da acción voluntaria; propoñer liñas estratéxicas do Plan galego de acción voluntaria e efectuar o seu seguimento. Tamén elaborar informes sobre o impacto da acción voluntaria nos diferentes sectores económicos de Galicia, así como o estudo do devandito impacto no mercado de traballo, tendo en conta as variables sociais, económicas, de idade e de xénero. Así mesmo, será competencia do Observatorio Galego de Acción Voluntaria compilar a información que de xeito directo ou indirecto poida recoller a realidade da acción voluntaria en Galicia e xerar un sistema de indicadores polos cales se poida coñecer e medir a participación social a través da acción voluntaria. E, tamén deberá de levar a cabo un seguimento do número de persoas voluntarias.

Coa posta en marcha deste instrumento, a Comunidade galega disporá dun órgano consultivo que facilitará a participación activa das entidades e organizacións que actúen no ámbito da acción voluntaria; constituirá un órgano asesor na realización dos

plans sectoriais de acción voluntaria, así como dinamizador e colaborador coas universidades e con figuras semellantes doutras administracións públicas, en materia de investigación e proxectos I+D+I. E para as persoas voluntarias implicadas suporá un importante avance na comunicación, información, estudo e difusión do coñecemento da realidade social en que se desenvolven, así como das necesidades reais do voluntariado galego.

## **A XUNTA REFORZA O IMPULSO AO EMPREGO XUVENIL INVESTINDO 9 MILLÓNS EN AXUDAS PARA AUTÓNOMOS E A CONTRATACIÓN DE MENORES DE 30 ANOS**

- *Os apoios con que se estima beneficiar 1.200 mozos están dirixidos ao inicio de actividade dos traballadores por conta propia, a incentivar as sinaturas os contratos indefinidos e a transformación dos temporais e as entidades sen ánimo de lucro*
- *O Goberno galego incrementa este ano as axudas, que poden chegar a alcanzar os 17.234 euros, e para os autónomos elimina o requisito de investimento mínimo*
- *Economía, Emprego e Industria aumenta nun 25% a intensidade dos apoios para os colectivos con máis dificultades para atopar un traballo como son as mulleres, as persoas con discapacidade ou en risco de exclusión, as familias con todos os seus membros en paro ou se o centro de traballo está emprazado no rural*
- *O desemprego entre os menores de 30 anos baixou no último ano nun 12,56%*

O Goberno galego continúa co impulso que está a dar ao emprego xuvenil investindo nun novo programa 9 millóns de euros dirixido a autónomos, empresas e entidades sen ánimo de lucro para incentivar a contratación dos menores de 30 anos. A iniciativa, que forma parte do Sistema de garantía xuvenil e coa que se prevé beneficiar 1.200 mozos e mozas, -un 20% máis que na edición anterior, cando foron 1.000 participantes, conta con axudas superiores ás do pasado ano, que poden chegar a alcanzar os 17.234 euros.

A intensidade das contías xerais aumentará nun 25% para as mulleres, persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social, familias con todos os seus membros en paro ou se o centro de traballo está emprazado no rural co obxectivo de apoiar os colectivos con máis dificultades para atopar un traballo.

O programa inclúe tres tipos de actuacións diferentes. Cun orzamento de 2,5 millóns de euros para apoiar o inicio de actividade dos autónomos concederanse 4.000 euros de axuda mínima, máis do triplo que en 2016, que poderá chegar aos 8.000 euros para os colectivos máis vulnerables. As contías medias o pasado ano alcanzaron os 5.000 euros. Este ano, tamén como novidade, elimínase o requisito de investimento mínimo para fomentar a posta en marcha de novas iniciativas empresariais.

Esta liña de apoios enmárcase na Estratexia autónomo 2020 con que o Goberno galego quere que Galicia sexa a comunidade de España con mellores apoios para este colectivo, prioritario para a Xunta. Para iso, está apoiando a incorporación de novos autónomos e fortalecéndoos ao longo da súa vida profesional, ao tempo que lles facilita unha mellora na calidade do emprego e simplifica a súa interacción coa Administración.

A segunda actuación que forma parte deste programa, cun orzamento de 3,4 millóns de euros, ten como obxectivo fomentar nas empresas a contratación por conta allea. Para iso, prevense para os dous primeiros anos 7.000 euros (3.500 euros ao ano) de incentivos á contratación indefinida inicial que poden chegar aos 14.000 euros e 2.500 euros por cada contrato temporal que se converta en indefinido, podendo alcanzar os 5.000 euros. Os apoios para a contratación temporal, mínima por 6 meses, oscila entre os 1.500 e 6.000 euros; os incentivos para contratos de formación e aprendizaxe, mínimo de 12 meses, poden chegar ata os 2.400 euros; e, por último, para a contratación en prácticas, mínimo de un ano, as axudas serán de ata 7.200 euros.

O terceiro dos apoios deste programa, no cal se invisten 3 millóns, está destinado ás entidades sen ánimo de lucro, para incentivar a contratación dos mozos e mozas co obxectivo de proporcionarlles unha experiencia e práctica profesional que facilite a súa inserción laboral. Para iso, as axudas oscilan entre os 8.617 euros e os 17.234 euros. Nesta liña primárase este ano, como novidade, o criterio de estabilidade laboral.

### **Aposta polo emprego estable**

Este programa da Xunta, que forma parte da Axenda 20, dá continuidade ás políticas activas de emprego do Goberno galego, que investirá este ano en apoios específicos para a mocidade 40 millóns de euros co obxectivo de seguir reducindo o desemprego entre os menores de 30, un colectivo onde baixou o paro no último ano nun 12,56%. Ademais, os contratos entre os mozos aumentaron nun 16,28%, medrando os indefinidos nun 21,75%, cinco puntos máis que os temporais. A finalidade última destes programas é non só reducir o paro senón tamén fomentar o emprego estable e de calidade.



## A XUNTA PREVÉ QUE AS EXPORTACIÓNS DE PRODUTOS AGROALIMENTARIOS A CHINA MEDREN UN 50% ESTE ANO TRAS A RECENTE VISITA INSTITUCIONAL

- *O balance elaborado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, presentado hoxe no Consello da Xunta, destaca que a viaxe facilita ao Goberno autonómico avanzar no seu compromiso de abrir novas oportunidades de negocio para os produtos galegos en China e, de maneira especial, os de orixe cárnica*
- *Os encontros con grupos agroalimentarios como COFCO, JD.com e Shanghai Fisheries tamén contribúen a atopar novas canles de distribución no país asiático*
- *Salienta que as relacións de coñecemento directo e confianza iniciadas durante a que foi a primeira visita dun presidente da Xunta a China servirán, a curto e medio prazo, para incrementar as exportacións galegas e atraer novos proxectos*
- *O informe subliña o compromiso do grupo CITIC, dedicado ao sector da maquinaria pesada e á robotización, para reforzar os seus investimentos no Porriño e para avaliar a posibilidade de acometer en Galicia novas iniciativas*
- *Empresarios chineses da automoción teñen previsto coñecer este ano o potencial do sector en Galicia, así como do CTAG e das empresas auxiliares, para determinar posibilidades de alianza e investimento neste ámbito*
- *Galicia presentouse tamén como destino europeo histórico e gastronómico ante máis de 200 empresas e turoperadores chineses*

O Consello da Xunta avaliou hoxe o informe elaborado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Igape, no cal se realiza un balance da recente misión institucional e empresarial a China que encabezou o presidente autonómico, Alberto Núñez Feijóo. O documento conclúe que a viaxe serviu para abrir con grandes grupos empresariais do país asiático novas oportunidades de negocio e investimento en Galicia; ao tempo que prevé que este ano se incrementen nun 50% as exportacións de produtos agroalimentarios a China.

O informe destaca que os encontros con representantes dos grupos agroalimentarios máis importantes do país, como COFCO, JD.com e Shanghai Fisheries, axudan a que os produtos galegos de calidade atopen novas canles de distribución e comercialización en China; unha oportunidade que se ratifica á vista do interese amosado tamén por directivos de cadeas de supermercados como RT Mart, Shun Xin Holdings Group, Dakang ou Metro.

A presenza de empresas galegas do sector alimentario nesta viaxe, apoiadas por clústers e organismos sectoriais como Clusaga, Anfaco e Conxemar, tamén contribuirá ao incremento das exportacións agroalimentarias galegas a China. De feito, a Xunta confía en que a viaxe realizada axudará a seguir traballando desde a Administración para abrir novas oportunidades para os produtos galegos e, de maneira sinalada, para os produtos cárnicos.

Sobre a primeira misión institucional dun presidente da Xunta a China, o balance salienta que as relacións de coñecemento directo e confianza establecidas están chamadas a consolidarse e a servir, a curto e medio prazo, para non só incrementar as exportacións galegas senón tamén para atraer novos proxectos cara a Galicia. O informe sinala, a modo de exemplo, o compromiso do grupo CITIC, dedicado ao sector da maquinaria pesada e á robotización, para reforzar os seus investimentos no Porriño e para avaliar a posibilidade de acometer en Galicia novos proxectos.

A delegación galega que viaxou a China integrou representantes de preto de 30 empresas galegas de diferentes sectores, que acompañaron o presidente da Xunta e o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde. Os membros da delegación galega, co apoio de diversos representantes diplomáticos, mantiveron ao longo da semana pasada numerosas reunións institucionais e comerciais –tanto en Beijing como en Luoyang e en Shanghai– chamadas a dinamizar as relacións económicas e empresariais entre ambos os dous territorios.

Neste sentido, empresarios chineses da automoción teñen previsto coñecer este ano en Galicia o potencial do sector do automóbil galego, do CTAG e das empresas auxiliares para determinar posibilidades de alianza e investimento neste ámbito.

Os membros da delegación tiveron tamén oportunidade de presentar os atractivos turísticos e gastronómicos de Galicia a máis de 200 empresas e turoperadores chineses, a través dun evento que se desenvolveu no Instituto Cervantes de Beijing e que revelou o potencial turístico e gastronómico da Comunidade como un dos principais destinos europeos históricos e lúdicos.